

Lei 7/1988, do 12 de xullo, de creación do Consello Galego de Relacións Laborais

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 214, do 6.2.1988.

Emendas, BOPG núm. 230, do 9.3.1988.

Debate de totalidade, DSPG núm. 80, do 15.3.1988.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 263, do 7.6.1988.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 270, do 16.6.1988.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 270, do 16.6.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 91, do 21.6.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 277, do 29.6.1988.

Diario Oficial de Galicia núm. 141, do 26.7.1988.

Boletín Oficial del Estado núm. 198, do 18.8.1988.

Lei 7/1988, do 12 de xullo, de creación do Consello Galego de Relacións Laborais

Esta lei foi derogada pola Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais

A asunción pola Comunidade Autónoma de Galicia, co alcance e límites previstos no artigo 149.1.7.º da Constitución e ó amparo do artigo 29 do seu Estatuto de Autonomía, das funcións de execución en materia laboral supón a transmisión a aquela de importantes competencias e facultades en materia de relacións laborais que debe exercitar con plena responsabilidade e autonomía. E a execución de tales competencias inclúe, como acordou o Tribunal Constitucional, na súa Sentencia do 14 de xuño de 1982, a facultade de organizar, dirixir e tutela-los servizos correspondentes e a de dicta-las normas propias para a organización dos citados servizos. Ó cumprimento de tales finalidades obedece a presente Lei.

A creación do Consello Galego de Relacións Laborais responde á necesidade de establecer canles institucionais de encontro e participación entre organizacións representativas de traballadores e empregadores dentro do respecto á autonomía dos sindicatos e das organizacións empresariais no ámbito das súas competencias.

A existencia dun marco permanente de encontro dos interlocuto-

res sociais proporcionará o diálogo e facilitará a adopción de acordos colectivos sobre relacións de traballo, ó mesmo tempo que se propicia un tratamento máis axetado dos conflitos colectivos, dentro do respecto ós principios constitucionais e ó marco da lexislación laboral vixente.

Informarán as actuacións do Consello os principios de non interferencia na autonomía dos sindicatos e das organizacións empresariais, neutralidade e gra-tuidade.

Por todo o exposto, o Parlamen-to de Galicia aprobou e eu, de con-formidade co artigo 13.2 do Esta-tuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Pre-sidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación do Consello Galego de Relacións Laborais.

Título I

Creación, funcións e composición

Artigo 1

Créase o Consello Galego de Relacións Laborais coa composi-

ción, funcións e réxime económico que se establecen na presente Lei.

Artigo 2

O Consello Galego de Relacións Laborais terá a súa sede en Santiago de Compostela, e poderá, sen embargo, celebra-las súas sesións en calquera lugar do territorio da Comunidade Autónoma.

Artigo 3

1. O Consello constitúese como órgano de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e como órgano consultivo e asesor da Comunidade Autónoma nas materias relativas á súa política laboral.

2. En particular, serán funcións do Consello as seguintes:

a) Elaborar e remitir, por propia iniciativa, estudos e informes á Xunta de Galicia e formularlle propostas en materia de política laboral.

b) Emitir dictame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral, que lle será solicitado preceptivamente.

c) Fomentar e ampliar-la negociación colectiva dentro do respecto ó principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución e impulsar unha adecuada estrutura dos convenios, nos ámbitos territorial e sectorial.

d) Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e reco-

mendárlle-la súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.

e) Promover e facilita-la mediación e arbitraje nos conflitos colectivos de traballo, a pedimento das partes interesadas. Para tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións, ofrecemento de árbitros ou mediadores e, en especial, respecto dos conflitos de ampla repercusión na Comunidade Autónoma.

f) Promove-la creación de Comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e competencias que o mesmo determine.

g) Solicitar e recibir dos órganos competentes da Xunta de Galicia canta información precise para o desempeño das súas funcións.

Artigo 4

O Consello Galego de Relacións Laborais estará integrado polo Presidente, o Vicepresidente, o Secretario e catorce membros, agrupados da seguinte forma:

a) Sete membros das organizacións sindicais que superen o dez por cento e contén cun mínimo de 1.000 delegados, en función dos resultados do último proceso electoral celebrado. A súa designación farana os respectivos sindicatos e serán nomeados polo Conselleiro de Traballo e Benestar Social.

b) Sete membros das organizacións empresariais de maior repre-

sentatividade no ámbito da Comunidade Autónoma, considerando como tales, para os efectos da presente Lei, as que empreguen como mínimo o dez por cento dos traballadores no referido ámbito. Serán designados polas mesmas e nomeados polo Conselleiro de Traballo e Benestar Social.

Por cada membro representativo existirá un suplente.

Artigo 5

1. A duración do mandato dos membros representativos do Consello ós que se refiren os apartados a) e b) do artigo 4 será de catro anos, sen prexuício da súa reelección e da posibilidade de substitución dos titulares ou suplentes durante o dito período, a proposta da organización á que representen; o seu nomeamento producirase no xeito regulamentado.

2. Malia o disposto no número anterior, producido un novo proceso electoral para os órganos de representación dos traballadores, procederá a reestructura-la composición dos representantes do apartado a) do artigo 4, de acordo co grao de representatividade obtido no dito proceso.

Artigo 6

Tódolos membros do Consello, a excepción do Secretario e do Vicepresidente, terán dereito a voto.

O Vicepresidente terá dereito a voto cando actúe en substitución do Presidente.

Título II

Estructura e funcionamento do Consello

Artigo 7

O Consello actuará en Pleno ou en Comisión Permanente. Así mesmo poderanse crear aquelas Comisións de traballo de carácter paritario que as circunstancias precisen.

Artigo 8

O Pleno, integrado por tódolos componentes do Consello, ten as competencias especificadas no artigo 3.2 da presente Lei, así como a de aproba-la Memoria anual sobre a actuación do Consello e da situación laboral da Comunidade Autónoma.

O Pleno aprobará as normas de funcionamento interno do Consello, as relativas á forma de actuación, número e composición das Comisións de traballo, e as referentes ó réxime económico.

As devanditas normas serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 9

O Pleno reunirse, como mínimo, en sesión ordinaria, unha vez cada dous meses, e, con carácter extraordinario, será convocado polo Presidente, a iniciativa propia, a pedimento da Comisión Permanente ou a proposta da maioría absoluta dos membros.

Artigo 10

Os acordos do Pleno serán adoptados pola maioría absoluta dos seus membros con dereito a voto, e faranse constar en acta, se se solicitase, os votos discrepantes coa fundamentación dos mesmos.

Artigo 11

A Comisión Permanente estará composta polo Presidente, o Secretario e catro membros do Consello, dos cales dous corresponderán ás organizacións empresariais e dous ás organizacións sindicais máis representativas.

Serán funcións da Comisión Permanente, entre outras:

- a) Confecciona-la orde do día das reunións do Pleno.
- b) Colaborar co Presidente na elaboración do proxecto das normas de funcionamento ou regulamento interno do Consello.
- c) Elaborar estudos sobre propostas de creación de Comisións de traballo cando o seu funcionamento se estimase necesario.
- d) Elabora-lo presuposto correspondente por cada exercicio económico.
- e) Calquera outra que o Pleno e as normas de funcionamento interno do Consello lle confiran.

Artigo 12

A Comisión Permanente reunirse, de modo ordinario, unha vez

ó mes, e extraordinario, tantas veces a convoque o Presidente.

Artigo 13

Os acordos da Comisión Permanente serán adoptados pola maioría absoluta dos seus membros con dereito a voto e faranse constar en acta, se se solicitase, os votos discrepantes coa fundamentación dos mesmos.

Artigo 14

O Presidente do Consello será designado, logo de consulta ós sindicatos e ás asociacións empresariais, polo Presidente da Xunta de Galicia a proposta do Conselleiro de Traballo e Benestar Social.

Son funcións do Presidente:

- a) Ostenta-la representación do Consello.
- b) Convoca-las sesións do Pleno e da Comisión Permanente, fixa-la orde do día e presidir e modera-lo desenvolvemento dos debates.
- c) Formalizar cantos acordos fosen necesarios para o cumprimento dos fins do Consello.
- d) Cantas outras funcións sexan propias da súa condición de Presidente.

Artigo 15

O Vicepresidente do Consello será designado, logo de consulta ós sindicatos, ás asociacións empresariais e ó Presidente do Consello, polo Conselleiro de Traballo.

Son funcións do Vicepresidente:

a) Colaborar co Presidente e substituílo nos casos legalmente previstos.

b) Atender e, se é o caso, presidir en representación do Presidente aquelas Comisións de traballo que o Pleno do Consello determine constituír.

Artigo 16

O Secretario, que terá categoría de Subdirector Xeral, será nomeado polo Conselleiro de Traballo e Benestar Social, de entre funcionarios pertencentes ó grupo A, quen poderá, así mesmo, acordar que cese, a proposta do Presidente, logo de comunicación ó Pleno. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, será substituído interinamente polo funcionario do Consello que o Presidente do mesmo designe.

Son funcións do Secretario:

a) Asistir como Secretario ó Pleno e á Comisión Permanente, exercendo as funcións propias de tal cargo.

b) Exerce-la coordinación técnico-administrativa dos distintos servicios do Consello e velar pola súa eficacia e funcionamento.

c) Redacta-la acta e dálle-lo curso correspondente ós acordos que adopte o Consello.

d) Certifica-los actos e acordos que realice e adopte o Consello.

e) Despachar co Presidente os asuntos ordinarios e aqueles outros que lle fosen encargados por aquel.

f) Asumi-la dirección do persoal ó servicio do Consello.

g) Elabora-la Memoria anual das actividades do Consello e da situación laboral na Comunidade Autónoma, para a súa presentación e conseguinte aprobación polo Pleno, dentro dos primeiros trimestres de cada ano.

Artigo 17

As Comisións de traballo estarán integradas por persoas designadas polas organizacións sindicais e empresariais representadas no Consello, e a súa composición será similar á deste, en canto a proporción de representatividade, se ben a condición de membro de calquera Comisión faina incompatible coa de membro do Consello.

Serán competencias das Comisións de traballo as que determine o Pleno do Consello antes da súa constitución.

A presidencia e a moderación dos traballos que leven a cabo as Comisións correspóndenlle ó Presidente do Consello ou, se é o caso, ó Vicepresidente.

As conclusións, as resolucións e os acordos ós que se poida chegar nas Comisións de traballo deberanlle ser remitidos ó Pleno do Consello.

Título III

Réxime económico

Artigo 18

1. O Consello contará co persoal necesario para o desenvolvemento das súas funcións, que será provisto mediante concurso entre funcionarios da Comunidade Autónoma.

2. Así mesmo, o Consello poderá concerta-lo asesoramento técnico que precise de persoas ou entidades especializadas.

Artigo 19

Tódolos gastos de financiación do Consello cubriranse coas dotacións que para tal efecto se consignarán nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

Para tal fin, o Pleno do Consello aprobará un anteproxecto de presuposto, que se tramitará a través da Consellería de Economía e Facenda.

Disposición transitoria

Dentro dos dous meses seguintes á publicación da presente Lei no *Diario Oficial de Galicia*, e de

conformidade co disposto no parágrafo primeiro dos artigos 14 e 16, procederase ó nomeamento do Presidente e do Secretario do Consello.

Disposición derradeira primeira

No non previsto na presente Lei, será de aplicación o establecido no capítulo II, título I, da Lei de Procedemento Administrativo, do 17 de xullo de 1958.

Disposición derradeira segunda

A Consellería de Traballo Benestar Social dictará as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do disposto na presente Lei.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas tódalas disposicións que se opoñan á presente Lei.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 1988

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente